

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, o cal foi convocado para o efecto. Adóptanse conforme os termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de decembro de 2012.


ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita na rúa Dona Urraca, número 80, e rúa López Guntín; para exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Unidade, números 7-9; para a instalación de ascensor no edificio de vivendas sito en solo urbano na rúa Primavera, número 10; para cambio de uso de rocho a vivenda do piso 5º, porta B, do edificio construído coa licenza número 242/66, sito na rúa Doutor Balanzá, números 10-12; para acondicionamento de parcela, e peches (zona interior do patio de quintero e zona ineditada), en solo urbano, Travesía do Miño, número 6; para instalación de ascensor no edificio sito no Sagrado Corazón, número 22; para reforma e ampliación do edificio para hotel balneario con licenzas números 352/91, 696/91, 798/92, 738/95, 275/96, 625/98, 497/00, 498/00, 568/02, 1101/04, sito en solo urbano no Camiño do Balneario, s/n; para construción de fosa de xurro de formigón armado, como modificación do proxecto de reforma de instalacións gandeiras con licenza número 561/09, para situar no núcleo rural de Santa María de Fixós e para acondicionamento de pavimentos na Biblioteca Pública Provincial de Lugo, na avenida Ramón Ferreiro, 10.

Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 5 de setembro de 2012, en execución da sentenza número 371/1998.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase asumir á conservación da urbanización do sector Sur-E.

Código Seguro de verificación:4/D7LLW1jLcWpgcsuED1IA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		FECHA	09/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	4/D7LLW1jLcWpgcsuED1IA==	PÁGINA	1/3
 4/D7LLW1jLcWpgcsuED1IA==				

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase aprobar a proposta da Alcaldía sobre suplencia do Secretario Xeral do Pleno.

4. PERSOAL.- Acórdase a modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, así como modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral, en quenda de consolidación de emprego temporal.

Así mesmo, acórdase a modificación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Dom esmo xeito, acórdase a modificación das bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de delineante, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

5. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a interposición de recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, contra a resolución do 20 de novembro de 2012, do Director Xeral de Coordinación de Competencias Coas CC.AA. e as EE.LL, pola que se desestiman as alegacións presentadas en relación co requirimento previo de anulación da resolución do 16 de xullo de 2012, pola cal se declara a existencia dun saldo a favor do Tesouro público por parte do Concello de Lugo, na obra "Mellora capa de rodadura do camiño dende a N-640 a Caneda por Pedreda, Outeiro e Alvarello (Parroquia de Pedreda)", pertencente ao fondo estatal de investimento local.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación da reclamación previa de cantidade.

7. FACENDA LOCAL.- aprobáse a solicitude formulada na que insta a devolución do importe ingresado mediante a liquidación número 5043361 (344/2011), en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 3.449,92 €, ao terse renunciado á licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional do Cuco-Santo André de Castro.

Código Seguro de verificación:4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	09/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==	PÁGINA 2/3



4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==

Tamén se acorda a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para instalación dunha estación de servizo na estrada N-640, P.K. 89,600, As Regas.

Así mesmo, acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para instalación dunha estación base de telefonía móbil no edificio sito na rúa Pomar, 3.


Acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, con data do 13 de novembro de 2012, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 1.176,21 €, pola substitución de ascensor e execución de rampla en portal no edificio sito na rúa Lamas de Prado, 66.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase trasladar á Xunta de Goberno Local as novas circunstancias acontecidas coa recepción da urbanización na Unidade de Actuación Norte-25 (O Pombal).

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	09/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==	PÁGINA	3/3
 4/D7LLW1jLcWpgcsuEDlIA==				